

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

#### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DA OBRA DE RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO DE CASÁS (EXP. REF. 37-2016). APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS.**

Sendo as 13:00 horas do día 17 de outubro de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Técnica do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, dona Ana Tabarés Martínez, e actuando como vocais:

- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal.
- Don Pablo Fuentes Faílde, Enxeñeiro Municipal, Xefe do Servizo de Enxeñería.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica.
- Don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como Secretario.

Asiste así mesmo dona Carmen Vázquez, en representación da Asociación Provincial de Empresarios da Construción (APEC)

Abre a sesión a Sra. Presidenta e por parte do Sr. Secretario infórmase que as empresas ALCENDAN, S.L. e OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. ás que se lles concedera un prazo de tres días para subsanar a documentación administrativa, concretamente o Anexo V, non o fixeron, polo que deben ser excluídas, non procedendo, polo tanto, á apertura das súas ofertas económicas.

A continuación procédese á apertura das ofertas económicas das empresas admitidas á licitación, sendo o seu resultado o seguinte:

	<b>EMPRESAS</b>	<b>OFERTA</b>
1	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	131.041,88
2	PROYECON GALICIA S.A	135.380,85
3	DESMACO S.L.	130.730,73
4	SAGADE 2009 S.L.	126.357,48
5	T.A.HERMANOS BLANCO TRIGO S.L.	123.505,36
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U	128.623,00
7	CONSTRUCCIONES SANLE LUGO S.L.	131.527,21
8	ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L.	115.494,50
9	PORTOSAR GALICIA S.L.U	157.300,00
10	GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	134.827,42
11	CONSTRUCCIONES OREGA S.L.	130.281,31
12	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	131.628,64
13	CANARGA S.L.	128.777,00
14	ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.A.	145.378,41

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**


XMCR/jlgn

Refª: ACTA MESA CONTRATACION OFERTAS ECONOMICAS OBRAS BARRIO CASAS

Asunto:

Á vista do exposto, por parte da Mesa de Contratación, tras analizar os criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares propón a adxudicación da presente licitación, a favor da empresa ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L., ao acadar esta empresa a máxima puntuación (10 puntos), xa que é a que oferta un prezo máis baixo, sendo éste o único criterio de valoración.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

ARRESIDENTA  
  
Asdo.: Ana Tabares Martínez

Concello de Lugo  
  
O SECRETARIO  
  
Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei